



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 11 DE ABRIL DE 2016**

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 14:05 horas do día 11 de abril de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 08-04-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Carlos López Font

**Vocais:**

Dna. Susana García Alvarez.  
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.  
D. Miguel Fidalgo Iglesias.  
D. Benjamín Collazo.

**Secretario:** D. José Manuel Vieites Alén

### **ORDE DO DÍA:**

**1.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo. (expediente 15857-444).**

Aínda que xunto coa convocatoria da Mesa entregouse o informe do xefe dos servizos Enerxéticos e Electromecánicos de 08-04-2016 de clasificación final de ofertas, detectado un erro faise entrega neste acto dun informe correxido de 11-04-2016.

**2-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.**



**a) Procedemento aberto para a contratación do procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).**

D. Miguel Fidalgo Iglesias manifesta a posibilidade da existencia de baixas en presunción de temeridade se lle engade a aportación económica das pezas e equipos non funxibles.

Dna Catalina Alfayate Rodríguez e Dna. Susana García Alvarez manifestan que, conforme á lexislación aplicable en materia de contratación, nos procedementos abertos nos que se fixe unha pluralidade de criterios de adxudicación, ao redactarse o prego administrativo poderá optarse (ou non) polo establecemento de parametros e criterios obxectivos en función dos cales se apreciará, no seu caso, que as proposicións poderían conter valores anormais ou desproporcionados.

No presente caso o Prego de cláusulaas administrativas (PCAP) aprobado en XGL de data 20 de novembro de 2015, na súa cláusula 17" Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionado", prevé no seu apartado 1.b) que:

"Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, considerarase que conteñen valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas nas que a baixa sobre o presuposto de licitación en valor porcentual, sexa superior ó valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual."

En consecuencia, na presente licitación só é de aplicación a presunción de temeridade para as baixas ofertadas polos licitadores sobre o presuposto de licitación.

Faise constar na Mesa o correo electrónico remitido polo grupo municipal Marea de Vigo ao secretario da Mesa de Contratación no que pon de manifesto un erro na puntuación outorgada polo criterio de melloras, respecto do que se sinala que xa foi corrixido no informe de 11-04-2016; e manifestando a posible existencia de ofertas en temeridade se a baixa ofertada por algúns licitadores se lle engade o incremento de aportación económica obrigatoria das pezas e equipos non funxibles que sexa necesario substituír para a reparación das instalacións sobre a porcentaxe mínima prevista no apartado 17.B das FEC, respecto do que se remite ao xa explicado con anterioridade.

A mesa por unanimidade aproba o informe presentado do xefe dos servizos Enerxéticos e Electromecánicos de 11-04-2016 de clasificación final de ofertas.

**3.- Proposta de clasificación.**

**a) Procedemento aberto para a contratación do procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:09	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A74F-EHB189-5ABB2C-3JQ5GP-7ZATM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 08 de abril de 2016 de “excluír da licitación a proposta presentada pola mercantil “Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S.A.”, por ofertar un prezo do contrato superior ao tipo de licitación”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento **aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).**” no seguinte orde decrecente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:09	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A74F-EHB189-5ABB2C-3JQ5GP-7ZATM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

nº de expediente	15857/444		
Proxecto:	SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TUNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, FONTES (ARAGÓN, BICENTENARIO, PAELLERA, PRAZA AMÉRICA, GRAN VIA E ESTANQUES MONTERO RIOS) E INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES DO CONCELLO DE VIGO		
Prezo de licitación	10.603.683,75 €		
	<b>Empresas</b>		<b>Puntuación</b>
1	U.T.E IMESAPI, S.A.-FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.-FCC INDUSTRIAL		93,99
2	U.T.E FERROVIAL SERVICIOS, S.A.-ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.U		86,09
3	U.T.E EXTRACO S.A-SIELVIGO S.L.		85,54
4	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.		81,64
5	ALUMBRADOS VIARIOS, S.A.		80,57
6	URBASER, S.A.		75,13
7	SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A.		71,61
8	TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A.		67,85
9	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A.		65,56
10	OHL SERVICIOS INGERSÁN, S.A		51,32

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, SA, FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGETICAS, SAU para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.606,83 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 14:20 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Carlos López Font

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:09	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A74F-EHB189-5ABB2C-3JQ5GP-7ZATM9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		